

«A chegada é como esas estacións
pequenas, onde o tren se detén non máis
de tres minutos»

Tsvetanka Elénkova (1968-2023)

Jonathan Dunne, o galego que veu da Britania

Jonathan Dunne (Kingston upon Thames, Inglaterra, 1968), filólogo, escritor e tradutor, é o responsábel da editora Small Stations, que neste mes de xaneiro chega aos cen títulos editados en inglés. Deles, noventa son traducións da literatura galega. Rosalía de Castro, Lois Pereiro, Manuel Rivas, Leticia Costas, Xosé Luís Méndez Ferrín, Marilar Aleixandre, Anxo Angueira, Iria Misa ou Agustín Fernández Paz son só algunhas das autoras que foron traducidas á lingua de Shakespeare dende 2009, entre máis de cincuenta autoras da nosa literatura. Ao igual que na lenda, non queda claro se se trataba dun inglés que viñera a Galicia, ou un galego que viñera da Britania.

TEXTO Lois Pérez



ENTRE 1964 E 2008, SÓ HABÍA VINTE E OITO títulos de literatura galega editados en inglés. Dende 2009 até hoxe esa cifra medra até os cento cincuenta e tres, dos cales un 72% foron editados por Small Stations. Como entras en contacto coa literatura galega? O meu primeiro contacto con Galicia foi nunha mañá neboenta de setembro de 1990, cando cheguei nun tren dende Irún-París-Londres. Quixera facer o traxecto en tren para apreciar o cambio xeográfico dun país a outro. Cando entramos na estación de Lugo, antes de que o tren fixese esa curva que fai en dirección á Coruña, aínda estaba na liteira. Eran as 7:42 da mañá. Tiven que levantarme rapidamente, agarrar a maleta, e saltar ao andén. O meu novo xefe, un inglés en camisa hawaiana, chegou momentos despois para levarme ao meu primeiro enderezo en Galicia, na Ronda da Muralla. Estar en fronte da historia cada día é unha maravilla! O primeiro ano aprendín castelán nos bares de Lugo e namoreime dunha rapaza galega, con quen fun a Barcelona como emigrante o ano seguinte. Chorei ao deixar atrás a paisaxe verde lucense e chorei outra vez ao chegar á paisaxe marrón de Catalunya, onde polo meu acento me preguntaban non se era de Galicia, senón de que parte de Galicia era. Fixen un diploma de estudos hispánicos na Universidade Central de Barcelona, -discutindo coa profesora sobre a existencia do pretérito perfecto, estaba convencido de que non existía- e foi en 1992 cando empecei a estudar galego co meu profesor de galego, Camilo F. Valdehorras. O resto é historia.

Que ten Jonathan Dunne de galego? Evidentemente eu recoñecía algo no galego e o galego recoñeceu algo en min para chegar a ser unha relación tan longa e pacífica. Levámonos ben. Non sei por que hai algunhas linguas que nos atraen e a cousa marcha ben, e outras que non. Debe de ser como coas persoas. Amei a paisaxe, iso é importante!, compartimos o sentido de humor, a paixón polos contos, admirei a estrutura do idioma, o dos infinitivos conxugados é abraiante! E seica esa alongación da sílaba, o dar tempo, entrar no momento, deixar espazo á dúbida.

Ao longo da nosa historia, resultaron moi fértiles para o país as miradas *das de fóra*: as fotografías de Ruth Matilda Anderson, as recollidas da nosa literatura de tradición oral de Dorothé Schubarth, a poesía de Anne Marie Morris... Os estudos de Abel Bouhier, o xeógrafo e etnógrafo francés, que estivo 17 anos realizando traballos de campo en Galicia, especialmente enfocados en algo aparentemente insignificante como os nosos valados... E ti contribúes dun xeito especial a poñer

en valor a nosa literatura coas túas traducións. Carecemos os galegos de nós mesmos? Percibes esa baixa autoestima? Si, e é unha mágoa. Lembro ter unha conversa no Courel. Eu, un inglés falando galego, e un galego contestándome en castelán cando sabía perfectamente falar galego. Ao mellor se mofaba de min. Tedes unha literatura magnífica, autoras realmente magníficas, e había que exportala aos principais idiomas do mundo. Os valados dalgún xeito definen a nosa raza, empezo a pensar que é aí onde reside un significado moi profundo que ten que ver coa contabilidade, para contar as cousas debemos delinearlas.

«Os clásicos son a dieta básica de calquera literatura, os títulos que xa se coñecen e que se dan a coñecer»

O feito de que até ben entrado o século XXI non houbese máis que vinte e oito títulos galegos editados en inglés fala dunha lingua lonxe de ser normalizada. Cal é a túa percepción da situación da lingua galega? Non podo comentar sobre a situación actual da lingua galega porque non son galego e non resido en Galicia.

E irrompe en 2009 Small Stations. Como xorde a idea? A idea vén do poema «Estacións pequenas» da miña muller, a escritora búlgara Tsvetanka Elénkova. Queríamos parar nos lugares onde os demais non paraban, prestar atención ao ignorado. Xorde pola falta de títulos galegos editados en inglés. Quería cambiar ese panorama e empecei cunha escolma da poesía de Manuel Rivas, que traducín nun parque. Foi a única tradución que fixen ao aire libre.

Na prensa española, no nadal, sempre aparecen listaxes literarias cos grandes títulos do ano, do que vai de século... Dous dos principais xornais do Estado non incluían este ano unha soa obra en galego. Que percepción tes deste *esquecemento selectivo* na túa condición de tradutor ao inglés da nosa literatura? Existimos fóra? Creo que o número de autoras galegas que recibiron o Premio Nacional de Literatura nos últimos anos fala por si mesmo. É impresionante o recoñecemento que recibiu a literatura galega nese sentido, e con autoras realmente impactantes. Pero existir fóra pasa por ser traducido, e non só traducido, senón traducido



Portadas de libros traducidos do galego ao inglés na editorial de Jonathan Dunne.

ben, editado ben, distribuído e promocionado. Como chegou a nós o coñecemento escondido en letras árabes? A través da Escola de Tradutores de Toledo. Como chegou o budismo a China no século V? A través dunha oficina de tradución que montou o tradutor Kumarajiva co apoio do Emperador Yao Xing. Contaba con varios miles de monxes tradutores e especialistas teolóxicos que traballaban con el. Imaxinades o investimento que iso implica? E non só a literatura. Pasa o mesmo coa arquitectura ou coas bibliotecas. Avanzan cando hai patrocinio.


«O número de autoras galegas que recibiron o Premio Nacional de Literatura nos últimos anos fala por si mesmo e con autoras realmente impactantes»

Dentro do proxecto editorial de Small Stations, a colección de ficción contemporánea deu ao inglés obras de Manuel Rivas, Fina Casallerrei, Diego Ameixeiras ou Rosa Aneiros. Cal é a dificultade deste proceso? No eido da tradución, creo que é un erro falar de dificultade. Non é cuestión de dificultade –se se escribiu o texto nun idioma pódese traducir– é cuestión de saber escoitar ben. No eido da edición, xa é outra cousa.

Non será doado tampouco elixir as obras a traducir... Baséome na lectura, nos premios, nos consellos de persoas intelixentes coas que teño confianza. Por exemplo, empecei a traducir a Abel Tomé, un autor que me encanta, por consello de Dolores Vilavedra.

Cales son os títulos que tiveron mellor acollida? Os clásicos, son a dieta básica de calquera literatura, os títulos que xa se coñecen e que se dan a coñecer.

A literatura xuvenil ocupa un lugar tamén importante na túa actividade. Dentro da colección Galician Wave podemos encontrar títulos de Leticia Costas, Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz... Como valorarías a acollida destas traducións por parte do público xuvenil. Son un grande admirador da literatura xuvenil galega, e o que



Exemplares da editorial Small Stations en inglés de *O libro das viaxes imaxinarias* do escritor rabadense Xabier P. Docampo; e *O único que queda é o amor* do vilalbés Agustín Fernández Paz.

máis me gusta é que non só exportamos un texto, senón que moitas veces tamén exportamos unhas ilustracións, e tedes uns ilustradores realmente excelentes. Pero no caso inglés é un xénero onde puxamos bastante forte, por tanto é de difícil entrada.

Alguén dixo que quen escribe é unha estranxeira na súa propia lingua. Que é entón para ti un bo tradutor? Un que sabe escoitar.

Coa colección Small Stations Poetry, a poesía de Luz Pozo Garza, Lois Pereiro, Pilar Pallarés, entre outros, naceu á lingua inglesa. Sendo toda literatura subxectiva, parece que a tradución do xénero poético a outra lingua pode resultar aínda máis complexa Non. Traducir un poema pode levar un par de horas. Traducir unha novela de 600 páxinas pode levar dez meses. Manter a tensión da tradución,

como a superficie da auga, ao longo de dez meses é moito máis duro.

Algunhas autoras confesaron a súa pretensión de desaparecer do que escriben, como se xa estivese escrito dende sempre. Un bo tradutor debe parecer invisíbel tamén? Unha tradución ocorre nun momento determinado, nun lugar determinado, a través dunha persoa determinada. A tradución é única. Incluso se a mesma persoa chega a facela ao día seguinte, será distinta porque as experiencias serán distintas. E cando traducimos, reflectimos esa tradución nas nosas experiencias. Por tanto a tradución é algo moi persoal. Tamén é certo que as lectoras non queren ter conciencia de que están a ler unha tradución en vez do texto orixinal,-que non deixa de ser unha tradución captada nun momento determinado, nun lugar-, ou só para admirar algo. Pero «desaparecer», non. Escoitar, si.

Ademais de literatura contemporánea, Small Stations orientouse tamén á tradución de grandes clásicos da literatura galega, como Rosalía, Cunqueiro ou Celso Emilio, a través da colección Galician Classics... O himno de Pondal asevera aquilo de que *non nos entenden, non. Enténdesenos nos países anglófilos?* Claro que si. Somos unha mesma raza.

Ves algún paralelismo ou símil entre os nosos clásicos e os clásicos anglosaxóns Na capacidade de contar, no sentido do humor, na apreciación do máxico. O meu clásico galego preferido é Rafael Dieste. Cheguei a impersonalo nunha actuación que fixemos o grupo de teatro AUGATEBA en Barcelona en 1995, baixo a dirección de Camilo F. Valdehorras. Entrei dende a parte de atrás do auditorio vestido como un *gentleman* inglés cun xornal baixo o brazo. O público sorprendeuse. Non me esperaba. Tampouco esperaban a recitación do relato «A luz en silencio» con acento inglés. Aínda me lembro do aglaio con que se recibiu o final do conto: «Na sala, silandeira e triste, non había ninguén». Rafael Dieste encaixaba moi ben na colección Penguin Classics.

«Un libro ten que ser traducido. Despois ten que ser editado. E logo ten que ser distribuído e promocionado. Non se pode depender dun individuo sen soldo para todo iso»

Alguén definiu a tradución como *a arte de anosar, traelo a nós. Que trazos dirías que caracterizan as obras que traduciches do galego?* Intelixencia, respecto, humor. Impresionáronme moito dúas obras: *Un animal chamado néboa* de Leticia Costas, excelente autora, que fala non da guerra civil española, senón da II Guerra Mundial. Gustoume que saíu do contexto local. E o mesmo podo dicir de Rosa Aneiros, e o seu libro *Resistencia*, que fai o mesmo, fala non da ditadura de España, senón da portuguesa. Gústame cando as autoras saen fóra do seu contexto local.

No eido da tradución galega hai queixas reiteradas arredor das carencias que enfrenta o sector. Que cres ti que se podería mellorar para encontrar un mellor marco de traballo na vosa actividade? A resposta é moi simple. Montar unha oficina de

tradución, pagar ás persoas tradutoras un salario como o que recibe unha traballadora calquera, con permiso por enfermidade, vacacións pagadas e pensión, e dotar a oficina cun orzamento. A cultura depende demasiado da boa vontade dos individuos.

A escrita e a tradución son actividades cunha forte carga vocacional, de amor á literatura. Como valoras o estado actual das traducións ao inglés da literatura galega? Cales son os retos máis urxentes que enfrenta a vosa labor? Boas condicións laborais para as persoas tradutoras para que poidan traballar cun mínimo de normalidade. Esa é unha carga que debe aceptar a cultura para a cal traballan, para a cal son en efecto a súa voz no estranxeiro. Un salario. Contar con boas tradutoras con experiencia a diversos idiomas do mundo. E ao outro lado do proceso dar potencia á distribución e á promoción cun orzamento significativo. Outras culturas noutros momentos da historia entenderon iso, por que non agora? Un libro ten que ser traducido. Unha vez traducido, ten que ser editado. Unha vez editado, ten que ser distribuído e promocionado. Non se pode depender dun individuo sen soldo para todo iso.

Traducir ao inglés unha lingua minorizada como o galego, nun estado de uso e coñecemento que, dende logo, non pasa polo seu mellor momento, denota unha identificación moi especial coa nosa lingua. Que lle deu o galego? Ensínoume moito. Ensínoume a escoitar. Para xustificar as nosas vidas, coidamos que debemos estar facendo algo, debemos ser activos. En realidade, creo que debemos saber escoitar, e ese foi o cambio máis fundamental que experimentei como tradutor literario dende 1993 -ou dende os dez anos, cando empecei a estudar latín; ou dende a matriz da miña nai, cando empecei a respirar e a recibir alimento-. É como se a tradución se dictase, hai unha voz; o meu papel consiste en captar esa voz. Axudoume a profundar na lingua, non tanto no galego, senón no meu propio idioma, o inglés. E fíxome boa compañía.

Cales son os teus soños pendentos? Aprendín algúns dos idiomas que falan os seres humanos. Aprendín a discernir o significado das palabras mesmas, a entrar na linguaxe. Agora quixera profundizar na fala da natureza.

Non me resisto a unha última pregunta, Jonathan. Es un inglés que veu a Galicia ou un galego que chegou da Britania? Son un inglés galegofalante que vive en Bulgaria. Non son nacionalista, non creo nun ou outro lado da liña. Máis ben creo na liña mesma, que é onde reside o significado máis profundo.